

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Fundación Galicia Obra Social o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 20 de setembro ata o 31 de marzo de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Organizar a itinerancia da exposición “Galicia 100”, na que se exhibirán diferentes obras de arte relativas á identidade de Galicia e que se mostrará na sedes de Afundación en A Coruña e Vigo, entre os meses de setembro de 2016 e marzo de 2017.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que Afundación é unha fundación privada, declarada de interese galego, que ten por obxecto, entre outros, actuacións relativas á educación en todos os niveis e o apoio á cultura, e que para o mellor cumprimento dos seus obxectivos, ven desenvolvendo un plan estratéxico cuxas áreas xenéricas de actuación son a educación superior e xeración de coñecemento, o envellecemento activo, o fomento do coñecemento e o desenvolvemento das persoas a través da cultura, e outras actividades de acción social.

Que son funcións do Consello da Cultura Galega, conforme a Lei 8/1983 de 8 de xullo, de fundación e organización do Consello, “investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego. Organizar actuacións culturais axeitadas ás fins do Consello dentro e fóra de Galicia. Elevar aos poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas a favor da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego”.

Que ambas partes entenden oportuno colaborar na realización da exposición “Galicia 100”, na que se exhibirán diferentes obras que o Consello da Cultura Galega designe para comprender a identidade de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 20 de setembro de 2016.